



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

Sr. Alcalde do Concello de Chantada
Praza de Galicia, s/n
27500 Chantada (Lugo)

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 112760 / RX 1846738

Data 29/12/2017 09:50:55



Nº 3 / 1 Ano 2018

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Estimado alcalde,

En relación co disposto na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 21 de decembro de 2017 pola que se incoa o expediente para declarar ben de interese cultural a Ribeira Sacra, coa categoría de paisaxe cultural, e outros bens e manifestacións do patrimonio cultural material e inmaterial relacionados (DOG 246 do 29 de decembro de 2017), e en concreto na súa disposición quinta, pola que se abre un período de **información pública durante o prazo de tres meses**, e que poderá ser feita tamén nos Concellos afectados pola declaración, achegamos copia dixital con toda a relación de planos da delimitación, que impresos en papel A.2 corresponden coas escalas 1:200.000, 1:25.000 e 1:5.000.

Solicitámoslle que dispoñan dos medios necesarios para a súa **consulta pública** por quen estea interesado.

Indicar que a devandita información planimétrica que acompaña estará dispoñible para a súa consulta na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <https://www.cultura.gal>

Así mesmo, tamén poderá consultarse na Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, (Edificio Administrativo San Caetano, s. númer., bloque 3, piso 2º, 15781 Santiago de Compostela), e nos servizos de Patrimonio Cultural das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Lugo (Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo) e en Ourense (Avenida da Habana, 79 -3º, 32004 Ourense), despois da correspondente petición da cita.

Un cordial saúdo,

Mª Carmen Martínez Insua
Directora Xeral do Patrimonio Cultural

